



Paralízanse as mobilizacións de comercio vario da Coruña ante a convocatoria da constitución da Mesa Negociadora

Tras das mobilizacións realizadas pola CIG, CCOO e UGT no sector de comercio vario da provincia da Coruña paralízanse as previstas para os seguintes días, ante a convocatoria realizada polas patronais do comercio para a constitución da mesa negociadora do convenio provincial de comercio vario para o día 21 deste mes de novembro.

Este primeiro paso permítenos desatascar a negociación, agora temos que insistir ata conseguir a firma dun novo convenio.

As tres centrais sindicais, iremos informando puntualmente da situación da negociación.